

Resolución da Dirección Territorial da Coruña da Consellería do Mar, pola que se modifica a Resolución do 7 de outubro de 2025 pola que se publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas ao abeiro do Plan de xestión conxunto para o recurso específico algas, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Porto do Son, Portosín e Noia, e as embarcacións excluídas do proceso

Antecedentes

1. A Orde do 19 de decembro de 2024 aprobou os plans de xestión para recursos específicos e algas en Galicia para o trienio 2025-2027 (DOG núm. 251, de 31.12.2024).

De conformidade co expediente de aprobación do Plan de xestión conxunto para o recurso específico Algas (PE410 2024/19-1), modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Porto do Son, Portosín e Noia (en adiante plan de xestión), estableceuse un número máximo de participantes de 9 embarcacións con 18 mergulladores habilitados con dereito a cota, ofertándose 3 embarcacións con 6 mergulladores a cada unha das confrarías participantes no plan de xestión. No dito plan de xestión límtase a dous (2) o número máximo de mergulladores con dereito a cota por embarcación.

Na actualidade non existen embarcacións coa arte ALGAS no permiso de explotación autorizadas para participar no plan ao tratarse dun plan de xestión conxunto que se presentou por primeira vez para o trienio 2025-2027.

2. O 25.02.2025 a Xefatura Comarcal de Ribeira comunicou unha proposta á Confraría de Pescadores de Porto do Son, como representante das entidades participantes do plan, para proceder á convocatoria do proceso selectivo para o outorgamento do recurso específico algas a nove (9) embarcacións e 18 habilitacións para mergulladores, ofertándose tres (3) embarcacións e seis (6) habilitacións a cada unha das confrarías participantes no plan de xestión (Porto do Son, Portosín e Noia). Nesta comunicación outorgábaselle un prazo de tres (3) días hábiles para que presentasen as observacións que considerasen oportunas e que de non recibir resposta no prazo sinalado entenderíase como positiva a proposta realizada. Transcorrido o dito prazo non houbo resposta.

3. O 23.06.2025 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se convocou o proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas a nove (9) embarcacións e 18 habilitacións para persoas mergulladoras, para o exercicio da actividade extractiva no ámbito do plan de xestión, coa única asignación posible de dúas (2) cotas de captura por embarcación, ao obxecto de establecer tripulacións mínimas de seguridade.



4. O 07.10.2025 esta dirección territorial ditou a resolución pola que se publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas ao abeiro do plan de xestión, e as embarcacións excluídas do proceso. No anexo II excluíuse á embarcación RAFA, CO-7-2903 por presentar a solicitude fóra do prazo establecido pola Resolución do 23.06.2025 desta dirección territorial, pola que se convocou o proceso selectivo.

5. O 29.10.2025, Yolanda Pazos Mosquera, armadora da embarcación RAFA, CO-7-2903 interpuxo un recurso de alzada contra a resolución do 07.10.2025 desta dirección territorial alegando que o día de presentación da súa solicitude, 15.07.2025, estaba dentro do prazo concedido na convocatoria.

6. O 14.11.2025 a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar, por delegación da conselleira do Mar, ditou resolución estimando o recurso de alzada interposto e retrotraer o procedemento ao momento de presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.

Consideracións legais e técnicas

1. A Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia determina nos seus artigos 26 a 30, o procedemento para a obtención da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación da embarcación.

2. O proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas, de acordo coa resolución do 23.06.2025 desta dirección territorial realízase para nove (9) embarcacións con 18 habilitacións para mergulladores, ofertándose tres (3) embarcacións con seis (6) habilitacións a cada unha das confrarías participantes no plan de xestión.

3. Logo de analizar as solicitudes presentadas polas persoas interesadas, requiriúselle a emenda de aquelas que non reunían os requisitos sinalados na convocatoria.

4. O armador da embarcación JUAN (CFPO 55687), tras requirimento de emenda de documentación posto a disposición o 09.09.2025 (número de remesa 4937900) con recepción o 19.09.2025, non presentou a documentación requirida no prazo outorgado. Porén, o 03.10.2025, presenta unha solicitude para que se lle amplíe o prazo para aportar a documentación requirida.

O procedemento de outorgamento da modalidade algas no permiso de explotación de embarcación é un proceso selectivo polo que, de acordo co establecido no artigo 68.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non é posible a ampliación do prazo solicitado, considerándose por tanto, de acordo co artigo 68.1 da dita lei, que a persoa solicitante desiste da súa petición.

5. O 14.11.2025, a secretaria xeral técnica, por delegación da Conselleira do Mar (Orde do 21.02.2022), resolveu estimar o recurso de alzada presentado pola armadora da embarcación RAFA, CO-7-2903 e retrotraer o procedemento ao momento da presentación da solicitude de participación no proceso selectivo.



De acordo coa resolución do recurso indicada, a convocatoria do proceso selectivo fixaba un prazo para a presentación de solicitudes de 15 días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>.

A persoa armadora da embarcación RAFA, CO-7-2903 presentou a solicitude o 15.07.2025 e de acordo co artigo 30.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, cando un día fose hábil no concello ou Comunidade Autónoma na que residira o interesado e inhábil na sede do órgano administrativo ou á inversa, considerárase inhábil en todo caso.

Tendo en conta que o 24.06.2025 foi festivo na sede do órgano administrativo (Departamento Territorial da Consellería do Mar na Coruña) e por tanto inhábil a efectos de cómputo do prazo e que a publicación da convocatoria do proceso selectivo realizouse na páxina web o 23.06.2025, o prazo de presentación de solicitudes rematou o 15.07.2025 e a solicitude de participación, por tanto, foi presentada en prazo.

6. Así, procede retrotraer as actuacións do procedemento ao momento posterior á presentación da solicitude da armadora da embarcación RAFA, CO-7-2903 para a participación no proceso selectivo, incluíla na relación de embarcacións admitidas ao proceso selectivo e baremar a súa solicitude.

7. O número de embarcacións participantes admitidas para cada confraría é superior ao número de prazas convocadas para cada entidade: sete (7) solicitudes da confraría de Porto do Son, catro (4) da confraría de Portosín e cinco (5) da confraría de Noia, polo que se fai necesario establecer unha orde de prelación e por tanto proceder á valoración das solicitudes para puntuar a ditas embarcacións para a súa selección e outorgamento da modalidade, de conformidade co punto A.1 de Criterios xerais do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específico no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

8. As solicitudes admitidas valoráronse de acordo co baremo aprobado pola Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020.

9. Na base 2.1 anexo A da Resolución do 23 de xuño de 2025 desta dirección territorial pola que se convocou o proceso selectivo establécese que o departamento territorial publicará unha relación provisional indicando a puntuación acadada por cada unha das embarcacións aspirantes e persoas armadoras. Así mesmo nesta relación recolleranse as embarcacións e persoas excluídas do proceso e as causas de dita exclusión.

10. No punto A.1.8 de Criterios xerais do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016 establécese que *"en caso de empate na puntuación obtida, resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación"*.

11. Este departamento territorial é o órgano competente para o outorgamento da modalidade de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións de conformidade co establecido no artigo 52 da Orde do 30 de decembro de 2015, pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.



De acordo con todo o anterior, este departamento territorial

RESOLVE:

1. Modificar a Resolución do 07.10.2025 desta dirección territorial pola que se publica a lista provisional de puntuacións das embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas ao abeiro do Plan de xestión conxunto para o recurso específico algas, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Porto do Son, Portosín e Noia (anexo I), e as embarcacións excluídas do proceso.

Contra a relación provisional de puntuacións, as persoas interesadas poderán presentar alegacións no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta resolución ante este departamento territorial. As alegacións no se contestarán expresamente de xeito individualizado, aínda que, de ser o caso, si se terán en conta para outorgar a puntuación definitiva.

2. Facer pública a listaxe definitiva das embarcacións excluídas do proceso selectivo, así como as causas da súa exclusión (anexo II).

As persoas armadoras excluídas poderán presentar contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, un recurso de alzada ante a Conselleira do Mar no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 30, 121 e 122 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A presente resolución publicarase no taboleiro de anuncios do departamento territorial da Coruña e na páxina web <http://www.mar.xunta.gal>. A resolución tamén se exporá, con carácter informativo, nos taboleiros de anuncios da Xefatura Comarcal de Ribeira da Consellería do Mar e das Confrarías de Pescadores de Porto do Son, Portosín e Noia.

Esta resolución notifícaselle á Confraría de Pescadores de Porto do Son, como entidade representante do plan de xestión, consonte ao artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A directora territorial
P.A. (Resolución 13 de maio de 2024)
O xefe do Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro
Miguel Gómez Losada
(asinado dixitalmente)

Departamento Territorial da Coruña
Rúa Ramón y Cajal, 2 5º andar (Casa do Mar)
15006 A Coruña
Tel.: 981 182 000
departamentoterritorial.mar.coruna@xunta.gal



ANEXO I:

Listaxe provisional de puntuacións das embarcacións admitidas no proceso selectivo para o outorgamento da modalidade de algas no permiso de explotación ao abeiro do Plan de xestión conxunto para o recurso específico algas, modalidade mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie, das Confrarías de Pescadores de Porto do Son, Portosín e Noia.

Embarcacións admitidas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora B.1	Habitualidade da actividade pesqueira B.2	Antigüidade da embarcación B.3	Nº artes B.4	Formación da persoa armadora B.5	Ter mulleres enroladas B.6	Total
PORTO DO SON	ANSIOSO	VILL-1-3523	0,00	2,00	3,00	2,00	3,00	0,20	10,20
PORTO DO SON	YO-SU	VILL-2-4255	0,00	2,50	3,00	1,00	3,00	0,00	9,50
PORTO DO SON	HELENA DOUS *	CO-7-2-15	0,00	2,50	3,00	3,00	0,00	0,00	8,50
PORTO DO SON	MILLANS *	CO-7-3111	0,00	2,50	3,00	0,00	3,00	0,00	8,50
PORTO DO SON	CUATRO HERMANOS	VILL-1-1634	0,00	2,50	3,00	0,00	1,83	1,00	8,33
PORTO DO SON	CAMINO CONDE	VILL-3-8088	0,00	2,00	0,00	2,00	0,00	0,00	4,00
PORTO DO SON	A RAPACIÑA	CO-7-7-20	0,00	2,00	0,00	0,50	0,00	1,40	3,90

* Para as embarcacións que figuran empatadas con 8,50 puntos, a orde na que se amosan é simplemente alfabética e non supón ningunha prioridade. Previamente á publicación da lista definitiva de embarcacións seleccionadas, de ser necesario, o empate resolverase por sorteo en presenza das persoas afectadas pola dita situación.



Embarcacións admitidas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora B.1	Habitualidade da actividade pesqueira B.2	Antigüidade da embarcación B.3	Nº artes B.4	Formación da persoa armadora B.5	Ter mulleres enroladas B.6	Total
PORTOSIN	APURO	CO-7-3106	0,00	2,50	3,00	1,00	3,00	1,80	11,30
PORTOSIN	PRIMERO PRIETO	CO-7-3506	0,00	2,00	3,00	3,00	3,00	0,10	11,10
PORTOSIN	NIARES	CO-7-1-14	0,00	2,50	3,00	0,00	3,00	1,50	10,00
PORTOSIN	NUEVO PASTORA	CO-7-15-20	0,00	2,50	3,00	3,00	0,00	0,00	8,50

Embarcacións admitidas									
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	Experiencia profesional da persoa armadora B.1	Habitualidade da actividade pesqueira B.2	Antigüidade da embarcación B.3	Nº artes B.4	Formación da persoa armadora B.5	Ter mulleres enroladas B.6	Total puntos
NOIA	RAFA	CO-7-2903	0,00	2,00	3,00	3,00	3,00	0,20	11,20
NOIA	BARCO	VILL-2-3-91	0,00	0,00	3,00	3,00	3,00	0,30	9,30
NOIA	SALERO	CO-7-2101	0,00	2,50	3,00	2,00	0,00	1,30	8,80
NOIA	TINO	CO-7-3612	0,00	2,00	0,00	2,00	0,15	0,00	4,15
NOIA	LIBERDADE	VILL-3-6-96	0,00	0,00	0,00	2,00	0,00	0,00	2,00



ANEXO II

Embarcacións excluídas			
Confraría	Embarcación	Matricula e folio	CAUSA DA EXCLUSIÓN
NOIA	JUAN	CO-7-2013	Desestimento.

Os epígrafes de cada columna do anexo I son: (de acordo co apartado B do anexo I da Resolución do 4 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se aproba o baremo para acceder ás modalidades de recursos específicos no permiso de explotación das embarcacións, así como para elaborar as listas e actualizar os méritos para o incremento do número de cotas de captura para as embarcacións incluídas nun plan de xestión de recursos específicos, modificada pola Resolución do 18 de maio de 2020, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro)

- **TOTAL puntos:** puntos acadados en total.
- **B.1: Experiencia profesional no sector da persoa armadora da embarcación.**
A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.
 - **Ter sido titular dun permiso de explotación a pé para recursos específicos** nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: **1,5 puntos por ano completo.** Non se terá en conta este aspecto cando a perda do permiso de explotación fose como consecuencia de sanción en materia de protección dos recursos mariños ou incumprimento das prescricións ou requisitos establecidos no plan de xestión.
 - **Ter estado enrolado/a como mergullador/a en embarcacións que contan coa modalidade** do recurso específico de que se trate no seu permiso de explotación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: **0,13 puntos/mes completo** sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas para esa modalidade. Non se computará o período de tempo en que a persoa armadora estivese en situación de incapacidade temporal
- **B.2: Habitualidade da actividade pesqueira. A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 3 puntos.**
 - **Vendas na lonxa ou centro de venda autorizado da embarcación.** Cando nos dous anos anteriores á data da convocatoria, o volume de vendas da embarcación teña un importe superior ao salario mínimo interprofesional para cada tripulante: **2 puntos**
Para os efectos de computar as vendas descontaranse só os períodos de tempo en que a embarcación estivo inactiva por causa de forza maior, e cando a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación). Para o cálculo do salario mínimo interprofesional terase en conta a información relativa ás vendas en lonxa ou centro de venda autorizado que conste en poder da consellería, así como o rol de despachos e dotación.
 - **Período de actividade da embarcación (rexistro da actividade pesqueira)**
Cando nos dous anos anteriores á convocatoria a embarcación rexistrase actividade pesqueira e teña asociadas vendas en lonxa ou centro de venda autorizado:
 - a) Por un período superior a 18 meses: 1 punto.
 - b) Por un período comprendido entre 6 e 18 meses: 0,5 puntos.
 - c) Por un período inferior a 6 meses: 0 puntos.
 Non se terá en conta o período de tempo en que a/as persoa/s solicitante/s non fosen armadora/s da embarcación (segundo o permiso de explotación).
- **B.3: Antigüidade da embarcación nun porto base incluído no ámbito territorial das/s entidade/s titulares do plan de xestión.**
Cando a embarcación teña un porto base incluído no ámbito territorial da entidade titular do plan de xestión durante un período de 2 anos anteriores, inmediatamente anteriores, á data da convocatoria, e sempre que durante todo este tempo as persoas solicitantes fosen armadoras da embarcación: **3 puntos.**



- **B.4: Número de artes ou modalidades incluídas no permiso de explotación da embarcación na data da convocatoria:**
 - 1 arte/modalidade: 3 puntos.
 - 2 artes/modalidades: 2 puntos.
 - 3 artes/modalidades: 1 punto.
 - 4 artes/modalidades: 0,5 puntos
- **B.5: Formación da persoa armadora da embarcación. A puntuación máxima total que poderá obter nesta epígrafe é de 3 puntos.**
- **Actividades de formación (cursos, seminarios e xornadas ou asimiladas).**

Valoraranse as actividades que foron recoñecidas como mérito para acceder ás modalidades de recursos específicos e que figuran inscritas no catálogo de actividades formativas aprobado por Resolución do 06.05.2025 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro na data da convocatoria.

Non se computarán as seguintes titulacións ou certificados profesionais: mariñeiro pescador, formación básica, certificado de mariscador/a, certificado de percebeiro/a e certificado para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo.

Cando unha actividade formativa teña varios niveis, só computará aquela que permita acadar a maior puntuación.
- **Titulación académica.**

- Graduado/a en ESO ou equivalente: 0,15 puntos.
- Bacharel ou equivalente: 0,25 puntos.
- Diplomatura universitaria ou equivalente: 0,35 puntos.
- Licenciatura universitaria ou equivalente: 0,5 puntos.

Só se valorará a titulación académica superior. Para os efectos de equivalencia de titulación, só se admitirán as establecidas polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

Ademais, engadirase 1 punto máis á valoración obtida na titulación académica cando a persoa solicitante posúa algunha titulación profesional regulada de acuicultura ou náutico-pesqueira, así como a formación non regulada, de patrón de pesca local, patrón costeiro polivalente e capitán de pesca.

- **B.6: Ter persoas enroladas do xénero feminino. A puntuación máxima total que se poderá obter nesta epígrafe será de 2 puntos.**

Por ter enroladas persoas de xénero feminino na embarcación nos 2 anos anteriores á data da convocatoria: 0,1 puntos/mes completo, sempre que a embarcación rexistrase actividade pesqueira e vendas.

Non se computará o período de tempo en que a persoa estivese en situación de incapacidade temporal.

